



ATENCIÓN: REDUCCIÓN COTA COLEXIAL 1º SEMESTRE 2018

O vindeiro día 2 de xaneiro poñeranse ao cobro os recibos correspondentes á cota de colexiación do primeiro semestre do ano 2018. Aproveitade para comunicarnos calquera cambio nos vosos datos bancarios a fin de evitar devolucións de recibos.

Poden acollerse á **cota reducida** (30,00 euros) os colexiados/as que se atopen nalgunha das circunstancias seguintes e que o demostren adecuadamente no prazo que se indica:

➔ **Situación de desemprego.** Farán chegar ao Colexio ao correo cotareducida@biologosdegalicia.org (ou por carta a COBGA, Apartado de Correos 1130, 15780- SANTIAGO ou por fax ao nº 981-53 42 25) calquera dos seguintes documentos:

- **Documento Acreditativo da Renovación da Demanda de Emprego (DARDE)** que se pode descargar no servizo electrónico e que debe ter data de impresión das incluídas no prazo (1 de decembro ao 22 de decembro de 2017).

- **Informe de Situación Administrativa**

- **Informe de Períodos de Inscripción**

Todos eles deben reflectir a situación de **ALTA** (Non é válido se a situación é de Mellora de Emprego). Non se considerará ningún outro documento nin os Informes entregados con anterioridade.

(Emitidos pola Oficina de Emprego ou Servizo de Colocación correspondente con data das incluídas no prazo).

➔ Os **pensionistas por xubilación ou invalidez**, presentando a acreditación correspondente.

IMPORTANTE: O prazo de recepción destes documentos remata o día 22 de decembro (23:59 horas).

Non se terán en conta os recibidos despois desa data. **Actuade con dilixencia e consultade calquera dúbida ao respecto para evitar situacións desagradables para todos. Grazas pola vosa atención.**